3231.21200	Escolas infantís. Reparacións edificios e outras construcións	15.595,31
3231.21300	Escolas infantís. Reparación de maquinaria	2.209,46
3231.22100	Escolas infantís. Enerxía eléctrica	14.471,67
3231.22609	Escolas infantís. Actividades culturais e deportivas	1.110,00
326.22199	Servizos complementarios educación. Outras subministracións	104,64
326.22300	Servizos complementarios educación. Transportes	2.321,00
326.22699	Servizos complementarios educación. Outros gastos diversos	300,00
326.22799	Servizos complementarios educación. Outros traballos de empresas e profesionais	4.110,00
333.22100	Equipamento cultural. Enerxía eléctrica	14.567,22
3340.22609	Promoción cultural. Actividades culturais e deportivas	15.670,31
3340.22799	Promoción cultural. Outros traballos de empresas e profesionais	154,46
3341.22601	Escola municipal de música. Atencións protocolarias	49,50
3341.22799	Escola municipal de música. Outros traballos de empresas e profesionais	1.910,00
3342.22609	Normalización lingüística. Actividades culturais e deportivas	30,25
337.21200	Instalacións ocupación tempo libre. Reparación edificios e outras construcións	2.000,00
337.22100	Instalacións ocupación tempo libre. Enerxía eléctrica	2.200,00



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000014

337.22799	Instalacións ocupación tempo libre. Outros traballos de empresas e profesionais	5.009,00
337.63200	Instalacións ocupación tempo libre. Investimento de reposición en edificios	592,90
338.22626	Festas	369.012,15
341.22609	Promoción do deporte. Actividades culturais e deportivas	38.797,37
342.13000	Instalación deportivas. Retribucións básicas persoal laboral	52.500,00
342.16000	Instalación deportivas. Seguridade social	22.500,00
342.21200	Instalacións deportivas. Reparacións edificios e outras construcións	14.939,11
342.21300	Instalacións deportivas. Reparación de maquinaria	23.275,86
342.21500	Instalacións deportivas. Reparación de mobiliario	314,60
342.22100	Instalacións deportivas. Enerxía eléctrica	47.315,33
342.22103	Instalacións deportivas. Combustibles	21.209,28
342.22104	Instalacións deportivas. Vestiario	709,19
342.22110	Instalacións deportivas. Produtos de limpeza e aseo	7.562,14
342.22199	Instalacións deportivas. Outras subministracións	6.383,11
342.22602	Instalacións deportivas. Publicidade e propaganda	447,70
342.22609	Instalacións deportivas. Actividades culturais e deportivas	24.800,00
342.22700	Instalacións deportivas. Limpeza	9.349,41
342.22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos	17.157,25
342.22799	Instalacións deportivas. Outros traballos de empresas e profesionais	62.801,69
342.62300	Instalacións deportivas. Investimento en maquinaria	7.175,30
342.62500	Instalacións deportivas. Investimento en mobiliario	35.769,00
342.63200	Instalacións deportivas. Investimento de reposición en edificios	366.614,99
342.63300	Instalacións deportivas. Investimento de reposición en maquinaria	11.611,85
4311.22199	Feiras. Outras subministracións	12.832,82
4311.22799	Feiras. Outros traballos de empresas e profesionais	7.146,00
4312.22100	Mercados. Enerxía eléctrica	1.361,24
4313.22799	Comercio ambulante. Outros traballos de empresas e profesionais	1.996,50
432.22602	Promoción turismo. Publicidade e propaganda	3.133,10
432.22799	Promoción turismo. Outros traballos de empresas e	1.210,00



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000014

	profesionais	
439.22602	Outras actividades sectoriais PEMES. Publicidade e propaganda	3.000,00
453.21000	Carreteras. Mantemento infraestruturas	53.835,56
453.61900	Carreteras. Investimento de reposición en infraestruturas	50.410,88
912.22199	Órganos de goberno. Outras subministracións	23,55
9200.21200	Administración xeral. Reparación de edificios e outras construcións	537,55
9200.21400	Administración xeral. Reparación de elementos de transporte	1.217,66
9200.22000	Administración xeral. Material ordinario non inventariable	3.043,55
9200.22001	Administración xeral. Prensa e outras publicacións	3.129,89
9200.22602	Administración xeral. Publicidade e propaganda	2.954,82
9200.22604	Administración xeral. Vestiario	48.667,84
9200.22607	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	713,64
9200.22705	Administración xeral. Procesos electorais	202,92
9200.22799	Administración xeral. Outros traballos de empresas e profesionais	2.243,88
9200.62600	Administración xeral. Investimentos en equipos proceso información	817,96
9200.63200	Administración xeral. Investimento de reposición en edificios	1.815,00
9201.21200	Brigada obras e servizos. Reparación de edificios e outras construcións	1.139,82
9201.21300	Brigada obras e servizos. Reparación de maquinaria	30.707,09
9201.21400	Brigada obras e servizos. Reparación de elementos de transporte	627,45
9201.22002	Brigada obras e servizos. Material informático non inventariable	931,97
9201.22103	Brigada obras e servizos. Combustibles	4.009,25
9201.22104	Brigada obras e servizos. Vestiario	3.134,39
9201.22199	Brigada obras e servizos. Outras subministracións	7.885,28
9201.22799	Brigada obras e servizos. Outros traballos de empresas e profesionais	442,20
9201.62300	Brigada obras e servizos. Investimento de reposición en edificios	18.137,90
924.22799	Participación cidadá. Outros traballos de empresas e profesionais	6.085,50
TOTAL		2.375.119,38



## Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	2.375.119,38
TOTAL		2.375.119,38

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

#### 4º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025. APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de setembro do 2023, que recolle:

«Único.- Aprobar o plan estratéxico de subvencións 2023».

Intervenien o sr. Villar López (SM), o sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez (grupo mixto), a sra. Arias Ferreiro (PP), que indican o sentido da súa votación, e a sr. Nogareda Marzoa (UPSA).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o plan estratéxico de subvencións 2023.

#### 5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

##### A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 28 de agosto do 2023 (núm. 1646) ata o 22 de setembro do 2023 (núm. 1804).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 28 de agosto do 2023 (núm. 1646, do expediente 2023/G003/001727) ata o 22 de setembro do 2023 (núm. 1804, do expediente 2023/G003/001882), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

##### B. Mocións.

##### Primeira.- Moción relativa á solicitude de toma de medidas para a mellora do transporte público en bus no Concello de Sada.

O sr. Graña Mosquera (GM) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo mixto, que a continuación se reproduce literalmente:

«Emilio Graña Mosquera concelleiro do Grupo Municipal Mixto - Bloque Nacionalista Galego no concello de Sada, en base ao art. 64.1 do ROM, propón para o seu debate e votación no pleno ordinario de Setembro do 2023 a seguinte

**MOCIÓN**

*Relativa á solicitude de toma de medidas para a mellora do transporte público en bus no concello de Sada*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Esta proposta é case idéntica a aprobada neste pleno en Decembro do 2022 a proposta de Laura Rodríguez, entón concelleira portavoz do BNG e defendida por Sara Arrojo, tamén concelleira naquel entón da miña organización.*

*Empezou o novo curso, este ano, e todo o relativo a transporte público está igual, ou peor. Seguen carísimos os carburantes. Eso conleva máis usuarios de bus, e os concellos de Sada e Oleiros medran en poboación...*

*Os veciños e veciñas padecen liñas de bus que van saturadas, tendo que ir de pé en horas punta, con retrasos, con traxectos de máis de unha hora as veces. Os horarios dos últimos traxectos dificultan o transporte de regreso ao noso concello de alumnado de estudos nocturnos, Conservatorio, bacharelato, Universidade...*

*Para os rapaces e rapazas que van a Universidade, so 2 buses diarios.*

*A isto sumarlle as dificultades de accesibilidade: vehículos con escaleiras moi empinadas, sen rampa para viaxeiros con dificultades de mobilidade, pantallas de anuncio de destino que non se len, non se avisa das paradas, sendo difícil ubicarse nas tardes escuras e chuviosas de inverno...*

*Parece que se nos obriga á veciñanza ao uso do transporte privado, que xera atascos, contaminación e dificultades de transporte á poboación con menos recursos.*

*Unha alternativa medioambientalmente sostible ten que ser viable e ofertada á nosa cidadanía. Non chega con baixar prezos. Se queremos que vivir en Sada sexa cómodo e asequible para as veciñas, temos que ter horarios suficientes, e que non sexa unha odisea ir á cidade da Coruña ou a outras localidades.*

*Por eso vemos necesario de novo aprobar esta moción. Facerlle chegar ao goberno da Xunta que seguemos ca necesidade de mellorar o transporte público. O concello non ten competencias sobre este tema, e debemos trasladarlle a administración competente esta demanda para a mellora da calidade de vida dos nosos conveciños e conveciñas.*

**ACORDO**

*O Pleno da Corporación manifesta e solicita á Consellería de Transportes da Xunta de Galicia, e á empresa concesionaria de transporte ALSA:*

- 1.- A necesidade de aumentar a frecuencia de buses nas horas de entrada e saída de centros de estudo ou traballo, e ampliación de horarios polas noites.*
- 2.- Mellorar a accesibilidade e información das liñas de buses, mellorando a cartelería anunciante dos destinos dos vehículos, os avisos das paradas cun sistema por voz, pantallas informativas nas paradas principais e aplicacións fiables e accesibles onde coñecer horarios e tempos de espera; e rampas para usuarios con problemas de mobilidade en todos os vehículos».*

**Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:**

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (4 UPSA e 4 PP).

**Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta dos asistentes.**

**A continuación procédese á defensa da moción polo sr. Graña Mosquera (grupo mixto). Séguese a debater a moción, intervindo a sra. Pena Álvarez (grupo mixto), a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), o sr. Villar López (SM) e o sr. Alcalde.**

**A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:**

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 4 (4 PP).
- Abstencións: 4 (UPSA).

**Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte ACORDO:**

**O Pleno da Corporación manifesta e solicita á Consellería de Transportes da Xunta de Galicia, e á empresa concesionaria de transporte ALSA:**

- 1.- A necesidade de aumentar a frecuencia de buses nas horas de entrada e saída de centros de estudo ou traballo, e ampliación de horarios polas noites.**
- 2.- Mellorar a accesibilidade e información das liñas de buses, mellorando a cartelería anunciante dos destinos**



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000014

dos vehículos, os avisos das paradas cun sistema por voz, pantallas informativas nas paradas principais e aplicacións fiables e accesibles onde coñecer horarios e tempos de espera; e ramplas para usuarios con problemas de mobilidade en todos os vehículos.

### **Segunda.- Moción relativa á tramitación da lei de amnistía.**

A sra. Arias Ferreiro (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo do PP, que a continuación se reproduce literalmente:

*«Esperanza Arias Ferreiro, Portavoz del Grupo Popular en este Concello, presenta la siguiente Moción para ser debatida y votada en el próximo pleno.*

*MOCIÓN CONTRA LA TRAMITACIÓN DE UNA LEY DE AMNISTÍA QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR EN EL AYUNTAMIENTO DE SADA, conforme a lo previsto en el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, para elevar al Pleno la Propuesta de Acuerdo/Moción que trae su causa en la siguiente:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*El 15 de octubre de 1977 el Congreso de los Diputados aprobó la Ley de Amnistía que siguió el principio de reconciliación nacional que guió nuestra Transición a la democracia. La amnistía era una demanda social y una necesaria e imprescindible impugnación del ordenamiento jurídico de la dictadura. Fue uno de los instrumentos con los que se puso punto final a la represión que sufrió una parte de la sociedad española y uno de los grandes acuerdos que consolidaron nuestro camino a la democracia.*

*Durante la tramitación de la Constitución de 1978 se debatió la cuestión de la amnistía, ya que se presentaron dos enmiendas para que las Cortes Generales pudieran tener esa competencia. Las enmiendas fueron rechazadas y, por el contrario, se aprobó el artículo 62 que prohíbe indultos generales. Es decir, el perdón -que sí existe en nuestro ordenamiento y que está regulado en la Ley del Indulto-, debe ser siempre individualizado y nunca con carácter general.*

*En una democracia europea consolidada, como es la española de 2023, una amnistía, además, atenta contra algunos de los principios básicos del Estado de Derecho como son la exclusividad del poder judicial para juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, la igualdad en la aplicación de la ley y la seguridad jurídica. Ni el legislador ni el poder ejecutivo pueden arrogarse la facultad de declarar inmune a un grupo de personas, borrar sus delitos e incluso evitar que sean juzgados como cualquier otro ciudadano. Todo ello además mientras que tanto el Tribunal de Justicia de la UE como el Tribunal Europeo de Derechos Humanos tienen pendiente resoluciones referidas a la cuestión, sobre la que se plantea la posible amnistía y que afectan a España.*

*En 2017 se produjo un intento de insurrección por parte de los poderes públicos de Cataluña contra el orden Constitucional. La reacción del Estado de Derecho fue la aplicación del artículo 155 de la Constitución y la puesta en marcha de los instrumentos penales contra sus impulsores.*

*El Tribunal Supremo condenó a sus principales líderes a penas de entre 9 y 13 años por sedición y malversación. Algunos de sus principales responsables huyeron al extranjero. Desde entonces tratan de evitar la acción de los Tribunales españoles y europeos. No fue el único que lo hizo. El pasado 5 de septiembre Puigdemont condicionó la gobernabilidad de España a, entre otras cuestiones, la aprobación de una Ley de Amnistía que favorezca, entre otros, a los encausados por el referéndum ilegal de 2017, en ocasiones por hechos de una violencia extrema.*

*No es la primera vez que se plantea esta cuestión. Ya en 2021 se registró una iniciativa de estas características en el Congreso y los Letrados emitieron un informe contundente contrario a su tramitación. Además, tanto Pedro Sánchez como ministros de su Gobierno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska y Carmen Calvo, entre otros muchos dirigentes socialistas, afirmaron en el pasado la inconstitucionalidad de una posible amnistía.*

*Los hechos jurídicos siguen igual, pero han cambiado las circunstancias políticas. Pedro Sánchez, en un intento desesperado por conservar la Presidencia del Gobierno, se ha abierto a que se pueda tramitar una Proposición de Ley. Además de suponer una inconstitucionalidad flagrante, de nuevo se pretende utilizar un atajo para evitar los controles de legalidad del CGPJ, la Fiscalía y el Consejo de Estado.*

*El precio de la presidencia no sería solo exculpar centenares de delitos sino deslegitimar el Estado de Derecho y blanquear y considerar la legitimidad de la sedición que se llevó a cabo. En definitiva, un inasumible precio político para cualquier gobernante decente y que la falta de rechazo explícito y contundente por parte del Gobierno está causando una profunda conmoción social.*

*Esta cuestión afecta directamente a Sada, pues los ciudadanos de Sada no pueden tener menos derechos que los de Castelldefels o cualquier otro municipio de Cataluña. Nos encontramos ante un nuevo desafío histórico en el que una minoría populista y radical pretende imponer la ruptura de la igualdad entre los españoles*

*Por todo ello, el Grupo Popular en el Concello de Sada, presenta la siguiente:*

#### **PROPUESTA DE ACUERDOS**

- 1. Rechazar cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos, cualquiera que sea su delito.*
- 2. Considerar que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.*





3. Animar a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.

4. Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (4 PP e 1 GM).
- Votos en contra: 7 (7 SM).
- Abstencións: 5 (4 UPSA e 1 GM).

Resultando rexeitada por maioría simple dos asistentes.

A continuación explican o sentido do seu voto o sr. Graña Mosquera (grupo mixto), o sr. Alcalde e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA).

### C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM), fai dous rogos:

1º.- Rógalle ao sr. Alcalde que, logo de 8 anos, é preciso construír beirarrúas en Meirás.

2º.- Roga que Sada estea máis limpa, que se lle comunique ao Consorcio As Mariñas, o problema de suciedade, como ente encargado da xestión, recollida e tratamento, así como que se fagan campañas de concienciación, formación e información ambiental.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM), formula dúas preguntas:

1ª) Pregunta polas xestións que se fixeron coa visita da deputada provincial de Obras, por ser precisos os investimentos en melloras de infraestruturas.

2ª) Pregunta que van facer coa reordenación do tráfico na zona do Pazo de Meirás.

O sr. Fariña Andrade (SM) resposta que:

1ª) Falaron de Riovao, dunha estrada da deputación, na que existía un acordo verbal co anterior deputado, cun anteproxecto, que agora deberán redactar un proxecto, para asumir unha parte o concello e outra a deputación; de melloras no Tarabelo, preto do río; e tamén da DP-5812 a Oleiros.

2ª) En relación á estrada a Meirás, cun tramo da deputación e outro da Xunta de Galicia, lembra que había 43 propietarios que cederon e faltaban 3.

A sra. Pena Álvarez (GM) formula unha pregunta:

1ª) Pregunta se en Riovao hai xa un proxecto xa redactado.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que hai un anteproxecto feito, levado varias veces, pero en agosto ou setembro de 2022 se acordou redactar un proxecto, que non está, a día de hoxe.

O sr. Alcalde engade que vai, na modificación de crédito, os cartos para a redacción do proxecto de execución.

A sra. Arias Ferreiro (PP) fai dous rogos:

1º.- Roga que se coiden, limpen e melloren todas as rúas e zonas comúns de Sada, comezando pola limpeza, salubridade, reposición e mantemento do mobiliario urbano.

2º.- Roga que adianten o acendido da iluminación do Nadal á ponte da Constitución, que se celebre o Nadal en todas as rúas e en todas as parroquias.

O sr. Fariña Andrade (SM) coméntalle que hai alerta de seca e que non se poden baldear as rúas.

O sr. Alcalde fala de situación de alerta.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000014

O sr. Villar López (SM) coméntalle que, segundo o falado coa Concellería de Promoción Económica, inicialmente está previsto que se acendan as luces o día 7.

A sra. Arias Ferreiro (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se o Goberno Municipal ten previsto incrementar o cadro de persoal de Servizos Sociais, Urbanismo, Policía Local e abrir a biblioteca polas tardes.

O sr. Alcalde respóndelle que o luns día 2 se incorporará a auxiliar a Servizos Sociais, co que o cadro de persoal estará completo nese servizo, e que na Policía Local hai un problema perentorio, dado que volveron os novos policía á AGASP e non pode haber funcionarios interinos.

2ª) Pregunta en que fase está a elaboración da RPT.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóndelle que está en Secretaría e que non viron a proposta da empresa.

O sr. Alcalde respóndelle que en outubro ou novembro traerán a Pleno unha proposta vencellada ao orzamento.

3ª) Pregunta se o Goberno Municipal ten prevista algunha acción, conversa ou encontro co propietario de Sargadelos.

O sr. Alcalde amósase disposto para falar coa Xunta de Galicia para explicarlle o alcance da declaración de BIC da fábrica e reclamar a tutela sobre os museos para manter aberto o Museo Carlos Maside.

3ª) Pregunta se se chegou a algún acordo co construtor e propietario da casa do escudo, para garantir a accesibilidade dos veciños aos seus garaxes da UE 2 (anteriormente UE 8).

O sr. Alcalde respóndelle que saíu publicado o estudo de detalle, que se trata dun problema porque poden quedar sen acceso aos seus garaxes.

O sr. Blanco González (UPSA) fai o rogo seguinte:

1º.- Rógalle ao sr. Alcalde que, a partir de agora, que, nas votacións, diga sempre os partidos.

O sr. Blanco González (UPSA) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregúntalle á sra. Mouriño Neira (SM) se está o expediente anterior da pista de patinaxe pechado.

O sr. Alcalde dille que, por tratarse dun contrato menor, está limitado a 40.000 euros e un ano de duración, e se os servizos xurídicos consideran que é preciso resolver ese contrato antes da adxudicación do novo, farase así.

2ª) Pregúntalle á sra. Mouriño Neira (SM) se está decidida a empresa que vai dar os cursos na piscina municipal.

A sra. Mouriño Neira (SM) respóndelle que comezan o luns, e que hoxe non están.

3ª) Pregunta ao sr. Interventor se, en presenza do técnico de Deportes, lles recomendou realizar un informe para paralizar o pagamento de 90.000 euros á empresa concesionaria da piscina ata que se determinase qué lles correspondía asumir a eles e o custe de todo o material que faltaba.

O sr. Interventor respóndelle, non sen antes sinalar que se trata dunha cuestión fóra de lugar.

O sr. Alcalde lembra que, aínda que interpela ao sr. Interventor, están no punto de control de órganos de Goberno, e tamén explica o que pasou.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) fai o rogo seguinte:

1º.- Rógalle ao sr. Alcalde que, ao igual que cos acordos plenarios, tamén se cumpran as sentenzas xudiciais, como a do centro do día e a escola infantil municipal.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 59 minutos do día xoves 28 de setembro do 2023, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000014

---

electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).